

Resolución do 15 de decembro de 2006, pola que se convoca o concurso de curtametraxes COOPERACIÓN XXI.

A Constitución Española no seu artigo 129.2 encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia reconece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma, asignándolle entre as súas funcións á de facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo.

Neste marco de fomento, o Plan estratéxico para o cooperativismo considera necesario deseñar accións concretas orientadas á difusión e divulgación dos principios, valores e potencialidades do cooperativismo, para poñelos en valor na sociedade galega. Co obxecto de contribuír a esta finalidade considerase axeitada a utilización dos medios audiovisuais, cada día máis presentes na sociedade e que se conforman como excelentes ferramentas de comunicación e divulgación. Entre estes medios, as curtametraxes ofrecen unhas características óptimas para o labor de divulgación do cooperativismo, ao tempo que permiten unha aposta pola creación artística e cultural en Galicia.

En consecuencia, o Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión de data 15 de decembro de 2006, acordou aprobar a convocatoria do concurso de curtametraxes COOPERACIÓN XXI.

Polo que antecede, en uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/98, do 18 de decembro de Cooperativas de Galicia e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas

DISPOÑO:

A publicación das bases do concurso de curtametraxes COOPERACIÓN XXI e a súa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As bases reguladoras recóllense no anexo.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2006
O presidente do Consello Galego de Cooperativas

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

ANEXO

BASES DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES COOPERACIÓN XXI

Primeira.- Poderán participar neste concurso tanto persoas físicas, como persoas xurídicas, domiciliadas en Galicia.

Segunda.- As curtametraxes deberán ter como tema central os principios e valores cooperativos, contidos na declaración da Alianza Cooperativa Internacional, así como calquera outro que permita ao espectador/a achegarse ás características básicas e potencialidades da formula cooperativa

Terceira.- O formato de realización poderá ser cine ou vídeo, en lingua galega. Excepcionalmente poderán admitirse os realizados en algunha lingua oficial da Unión Europea, sempre e cando estean subtitulados en galego. A súa duración non excederá de vinte minutos.

Cuarta.- Cada obra presentarse nunha cinta de vídeo VHS ou en DVD, acompañada dunha memoria identificativa que indique o seu título, formato, duración e sipnose, así como os datos persoais e de contacto do autor/a ou autores/as: nome e apelidos, D.N.I. ou número de pasaporte, domicilio, teléfono, e dirección de correo electrónico.

Cada curtametraxe entregado estará acompañado ademais dunha declaración dos autor/a autores/as de aceptación expresa das bases e condicións do concurso, así como de que a obra é da súa autoría, inédita, que non foi presentada a outro concurso pendente de resolución e que non ten cedidos ou prometidos os dereitos de edición e/ou reprodución en calquera forma con terceiros.

Quinta.- A presentación deberá realizarse antes do 31 de maio de 2007 na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, Edifícios Administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela). As curtametraxes entregadas fóra de prazo non serán admitidos no concurso.

Sexta.- As obras presentadas serán avaliadas por un xurado composto polos seguintes membros: tres profesionais de recoñecido prestixio no ámbito audiovisual, Un/unha representante das asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas, un técnico/a da Consellería de Traballo especialista en cooperativismo e a directora xeral de Relacións Laborais, ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a do xurado e nomeará aos seus membros.

Avaliarase a calidade técnica da obra presentada, así como o tratamento do tema proposto desde a óptica da promoción dos valores e principios cooperativos.

Todos os premios serán outorgados polo xurado, a decisión tomarase por unanimidade ou, no seu defecto, por maioría de votos e serán inapelables, e procederase a súa entrega no transcurso do acto público que se celebrara con motivo do día do cooperativismo.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existir premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Sétima.- O/s autor/es ou a/s autoras da mellor obra recibirá/n un único premio de 5.000 euros, e dous accésit de 2.000 euros, cada un, aos/as autores/as das obras consideradas como segunda e terceira mellores. As obras de maior interese incorporaranse a un catálogo de referencia.

Oitava.- O outorgamento dos premios establecidos neste concurso implica, sen necesidade de ningunha declaración por parte dos autores, o recoñecemento do dereito a favor do Consello Galego de Cooperativas a reproducir e difundir as curtametraxes premiadas nas condicións, cos medios a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos.

O Consello Galego de Cooperativas reservarase o dereito a difundir o nome e/ou imaxes dos/as gañadores/as, polos medios e formas de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obrigação de realizar ningunha compensación. Considerase que os/as participantes no concurso prestaron o seu consentimento ao presentar a súa obra.

As curtametraxes presentadas a concurso poderán ser proxectadas polo Consello Galego de Cooperativas que se reserva o dereito de exhibición pública en calquera medio de comunicación público ou privado para a difusión e fomento dos valores cooperativos, facendo sempre constar o nome do seu autor/a.

Os/as concursantes exoneran de toda responsabilidade ao Consello Galego de Cooperativas, no caso de que as obras resultaran danadas ou destruídas por caso fortuíto ou forza maior, mentres estiveren en poder do mesmo. Os materiais presentados a concurso non serán devoltos e pasarán a formar parte do arquivo do Consello Galego de Cooperativas.

Novena.- A presentación da curtametraxe neste concurso implica a aceptación incondicional das presentes bases que teñen carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no seu defecto pola normativa xeral que lle

sexa de aplicación. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos das mesmas que poidan xurdir acudírase ao Consello Galego de Cooperativas.